



## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

### CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIIS (2018)

**Expte.** 2018002198SV  
**Asunto:** Aprobación da convocatoria de subvencións para actividades culturais (2018)  
**Departamento:** Servizos Xerais

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 125 do 29/06/18 publicáronse as bases específicas que rexerán a concesión de subvencións para actividades culturais, aprobadas en sesión plenaria celebrada o 16/05/18. O seu texto íntegro está publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://sede.nigran.org>, apartado “*Transparencia*”, subapartado “*Taboleiro de anuncios*”). O seu texto íntegro está publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://sede.nigran.org>, apartado “*Transparencia*”, subapartado “*Taboleiro de anuncios*”).

Visto o anterior, propónse a aprobación da seguinte convocatoria:

#### 1. OBXECTO

O Concello de Nigrán realiza a convocatoria de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán durante o ano 2018.

#### 2. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

A presente convocatoria rexeráse polas súas bases específicas, aprobadas por este Concello en sesión plenaria de 16/05/18 con extracto publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 125 do 29/06/18, e texto íntegro publicado na sede electrónica do Concello de Nigrán (<http://sede.nigran.org>, apartado “*Transparencia*”, subapartado “*Taboleiro de anuncios*”) ademais de polo previsto na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

#### 3. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións obxecto da presente convocatoria as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da LSG, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

#### 4. FINANCIAMENTO

A contía máxima da convocatoria ascende a 25.000 euros con cargo á consignación orzamentaria reflectida na partida 334 48000 do Orzamento Xeral para 2018.

#### 5. CONTÍA DAS AXUDAS

Establécese un importe máximo total subvencionable por entidade de 2000 euros.





## CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350  
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

As subvencións concederanse de acordo cos criterios establecidos nos apdos. 4 e 5 das bases reguladoras.

### **6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Poderán presentarse solicitudes de axudas durante o prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) nos termos establecidos no art. 20.8 da Lei da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes presentaranse de acordo co establecido na base 6ª das bases específicas.

### **7. PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

Unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto de subvención, os beneficiarios deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a documentación xustificativa relacionada na base 10ª das bases específicas.

O prazo máximo para presentar esta documentación será o 15 de novembro da anualidade á que se refire a convocatoria.

O ALCALDE

